

-Decreto 67/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en patronaxe e moda.

-Decreto 70/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en audiología protésica.

Decreto 72/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico superior en confección e moda.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 27 de maio de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para a realización de accións de orientación, formación e inserción laboral dirixidas a persoas inmigrantes, e se procede á súa convocatoria.

Advertido erro na dita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 106, do luns 7 de xuño de 2010, procede realizar a seguinte corrección:

Na páxina 10.236, artigo 9º, punto 3, letra a), no quinto parágrafo debe suprimirse a expresión: «así como o cofinanciamento da entidade subvencionada».

Na páxina 10.241, no anexo I, debe realizarse a supresión da mesma expresión.

Orde do 9 de xuño de 2010 pola que se modifica a Orde do 18 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade, e se procede á súa convocatoria.

Con data do 7 de abril de 2010 publicouse no DOG a Orde do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade e se procede á súa convocatoria.

No artigo 9 da dita orde establécense os criterios de concesión da axuda, entre eles a alínea a) refírese á determinación da situación económica do beneficiario, nos termos seguintes:

«Calcularase como a renda per cápita da unidade familiar da cal forma parte o solicitante, sumando os

ingresos de todos os membros computables e dividindo o resultado polo número destes. Para estes efectos teranse en conta as declaracións do IRPF correspondentes ao último exercicio do que a Administración tributaria dispoña de datos no momento de publicarse esta orde de convocatoria. No caso das pensións ou prestacións que estivesen exentas de tributación polo IRPF, tomaranse as relativas ao exercicio 2010.

Para os efectos da resolución desta convocatoria, entenderase por unidade familiar a constituída polo beneficiario/a e, de ser o caso, o seu cónxuxe ou parella estable, fillos menores de idade ou maiores de idade discapacitados, sempre que convivan no mesmo domicilio familiar. No caso de que o solicitante da axuda sexa un menor de idade, entenderase por unidade familiar a constituída polo beneficiario, os seus proxenitores e os seus irmáns menores de idade ou maiores de idade discapacitados, sempre que convivan no mesmo domicilio familiar».

Co fin de aclarar dúbidas na resolución das axudas individuais destinadas á promoción de autonomía persoal e á accesibilidade, considérase adecuado introducir un novo parágrafo co seguinte texto:

«Non se terán en conta como ingresos os que poida percibir a persoa beneficiaria provenientes das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), que teñan por finalidade a adquisición dun servizo ou coidados no contorno».

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Introducir un novo parágrafo na alínea a) do artigo 9 da Orde do 18 de marzo de 2010, que quedará coa seguinte redacción:

«a) Determinación da situación económica do beneficiario.

Calcularase como a renda per cápita da unidade familiar da cal forma parte o solicitante, sumando os ingresos de todos os membros computables e dividindo o resultado polo número destes. Para estes efectos, teranse en conta as declaracións do IRPF correspondentes ao último exercicio do que a Administración tributaria dispoña de datos no momento de publicarse esta orde de convocatoria. No caso das pensións ou prestacións que estivesen exentas de tributación polo IRPF, tomaranse as relativas ao exercicio 2010.

Non se terán en conta como ingresos os que poida percibir a persoa beneficiaria provenientes das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), que teñan por finalidade a adquisición dun servizo ou coidados no contorno.

Para os efectos da resolución desta convocatoria, entenderase por unidade familiar a constituída polo